



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CABANAS PARA A RENOVACIÓN DA INSTALACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NO ENTORNO DO PIÑEIRAL DA PRAIA DA MADALENA

Santiago de Compostela, a 8 de marzo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria, nomeado polo Decreto 148/2016, de 13 de novembro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia.

Por outra parte, Germán Castrillón Permuy, alcalde presidente do Concello de Cabanas, elixido na sesión constitutiva da Corporación municipal de data 13 de xuño de 2015, en nome e representación da dita entidade local, actuando en virtude das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 61.1.a) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten atribuídas as competencias en materia de enerxía, segundo o recollido no Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da devandita consellería.

Segundo.- Que no Concello de Cabanas existe a necesidade de proceder á renovación da instalación do alumeado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena.

Na actualidade existe unha instalación de alumeado público na contorna do piñeiral da praia da Madalena, conformada por 247 puntos del luz que iluminan toda a zona desde a glorieta da N-651, o acceso viario e todo o perímetro marítimo da praia da Madalena.



Nos últimos tempos veñen a producirse continuos problemas de funcionamento na instalación do alumeadado, ofrecendo unha iluminación escasa e deficiente e un aspecto deteriorado nos seus cadros de control e columnas existentes.

Estes defectos detectados na instalación débense, entre outras, ás seguintes causas:

- Defectos ocasionados polo ambiente mariño: Localízanse oxidacións importantes na práctica totalidade dos elementos metálicos da instalación de intemperie.
- Defectos ocasionados por actos vandálicos, cun estado deteriorado dos cadros de mando e falta de columnas completas.
- Detéctanse deficiencias na canalización existente nas liñas eléctricas subterráneas, situadas baixo as baldosas, fallos nas proteccións dos cadros de mando e inexistencia de arquetas de rexistro para o control da instalación.

A actuación proxectada ten por obxecto conseguir unha mellora do aforro e da eficiencia enerxética, fomentando o uso racional da enerxía e a óptima xestión dos recursos enerxéticos, utilizando luminarias de elevado rendemento enerxético e larga vida útil.

Satisfaranse os requirimentos luminotécnicos de acordo ao establecido no Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeadado exterior e instrucións técnicas complementarias EA-01 a EA-07, que establecen as condicións de deseño, execución e mantemento das instalacións de alumeadado exterior.

Trátase dunha instalación que non só mellora notablemente as condicións de iluminación no ámbito de actuación senón que establece una redución importante nos consumos, afectando directamente ao custe económico, ademais dunha importante redución nas emisións de CO₂ á atmosfera, na procura de instalacións sostíbeis desde o punto de vista económico e ambiental, o que beneficia a toda a sociedade no seu conxunto.

Terceiro.- Que a Xunta de Galicia ten interese e considera unha prioridade a renovación da instalación do alumeadado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena, xa que se trata dunha actuación que procura sensibilizar o uso racional enerxético, especialmente na iluminación pública, supoñendo un referente para futuras actuacións e inversións a implementar no entorno.

Deste xeito, os resultados obtidos no uso racional da enerxía, na redución de consumos e nos beneficios medioambientais estarán a disposición de tódolos Concellos de Galicia.

Cuarto.- Que o Concello de Cabanas levou a cabo con carácter previo á formalización do presente convenio, o estudo das distintas opcións para dar viabilidade ao plan de mellora consistente na renovación da instalación do alumeadado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena. Para elo redactouse en xuño de 2017 o anteproxecto “Renovación da instalación do alumeadado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena” en setembro de 2017 “Auditoría enerxética de alumeadado exterior para o entorno do piñeiral da praia da Madalena”, que se anexan a este Convenio.



Quinto.- Que tras os estudos e análises referidos no punto anterior, as partes reunidas consideran esencial o establecemento de actuacións conxuntas que permitan o desenvolvemento do Plan de mellora para a renovación da instalación do alumeadado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena e acordan subscribir o presente convenio de colaboración conforme as seguintes cláusulas

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as liñas de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e o Concello de Cabanas que permitan o desenvolvemento dun plan de mellora consistente na renovación da instalación do alumeadado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena, para conseguir unha mellora na eficiencia enerxética, na redución de consumos e melloras medioambientais economicamente sostibles, que benefician a toda a sociedade no seu conxunto.

Segunda. – Xustificación da dificultade de promover a concorrência pública.

A través deste convenio, instruméntase a concesión directa dunha subvención pública a favor do Concello de Cabanas, segundo o disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación a este convenio o disposto na devandita Lei.

Así, segundo o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia, as deficiencias na infraestrutura do alumeadado público do entorno do piñeiral da praia da Madalena están a xerar importantes problemas de carácter económico e ambiental, sendo preciso acometer a renovación proxectada, quedando acreditado o interese público, económico e social do obxecto do presente convenio.

Tendo en conta o interese xeral das actuacións incluídas no convenio e o seu carácter singular, determinan a imposibilidade de promover a concorrência pública para este tipo de actuación.

Terceira. Obrigas do concello

O Concello de Cabanas, como responsable do proxecto, comprométese a desenvolver as actuacións pertinentes para levar a cabo a súa completa execución, obtendo todos os permisos e licenzas que se precisen.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Cabanas:



1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
4. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
5. Tramitar o expediente de contratación de obra conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, á que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
6. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga.
7. Cumprir as obrigas de publicidade establecidas e, en especial, as determinadas na cláusula oitava deste convenio.
8. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
9. Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
10. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a que



se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para ao cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

11. Con anterioridade á sinatura do presente Convenio, o Concello de Cabanas acreditará estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, ao fronte da Seguridade Social e de non ter pendente pagamento de ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, para o que poderá presentar unha declaración responsable consonte ao artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

Cuarta.- Obrigas da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

As obras amparadas por este convenio serán subvencionadas pola Xunta de Galicia, que aportará a cantidade de **581.676,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 733A-760.1 “Convenio de Colaboración co Concello de Cabanas. Renovación do alumeado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena” dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Esta cantidade representa o 98,25% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

O orzamento global da inversión para a realización da actuación elévase a 592.036,81 euros, que se corresponde, segundo se recolle no anteproxecto que se incorpora como anexo, coas seguintes partidas:

1. Traballos previos: 21.608,74 euros
2. Obra civil: 33.630,19 euros
3. Instalación eléctrica: 20.980,08 euros
4. Alumeado: 271.872,57 euros
5. Reposición de pavimentos: 54.008,05 euros
6. Xestión de residuos: 4.000,00 euros
7. Varios: 5.065,50 euros

Orzamento de execución material: 411.165,23 euros

13% gastos xerais: 53.451,48 euros

6% beneficio industrial: 24.669,91

21% iva: 102.750,19 euros

Total orzamento base de licitación : 592.036,81 euros



A diferenza entra a cantidade a subvencionar pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e o orzamento base de licitación será financiada con fondos propios do Concello de Cabanas, que tamén se fará cargo dos custes ocasionados pola redacción do proxecto e pola dirección da obra a executar.

Unha vez realizadas e executadas as actuacións, no caso de que a inversión teña un custe inferior ao inicialmente previsto no orzamento anterior, e sempre que iso non supoña unha realización deficiente do proxecto, a axuda reducirase proporcionalmente, mantendo constante a porcentaxe da axuda respecto ao investimento.

Quinta. – Gastos subvencionables

En canto aos custos subvencionables, estes son os gastos e investimentos materiais relativos ás actuacións sinaladas na cláusula anterior.

En todo caso serán elixibles os custos incorridos dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data límite de xustificación do convenio que poidan considerarse dentro do obxecto deste.

Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente do Concello de Cabanas, que estará obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagos realizados nun prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do beneficiario de cada un dos abonos de subvención concedida.

Non obstante, no caso de realizarse pagos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado polo Concello de Cabanas con anterioridade á finalización do período de xustificación.

As inversión realizadas deberán manterse operativas durante un mínimo de cinco anos.

Sexta. – Prazo e forma de xustificación

A data límite de xustificación das actuacións será o 15 de outubro de 2018, para o que o Concello de Cabanas deberá presentar a seguinte documentación:

1. Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para o que foi concedida a subvención.
2. Certificación expedida pola Secretaría do Concello de Cabanas, co visto e prace do Alcalde Presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:



- a) O cumprimento da finalidade da subvención.
 - b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data do recoñecemento da obriga polo órgano competente.
3. Nos supostos previstos no artigo 29.3 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria deberá achegar:
 - a) Acreditación de ter solicitado un mínimo de tres orzamentos.
 - b) Copia compulsada da resolución de adxudicación do/s contrato/s onde quede acreditado o cumprimento do establecido no referido artigo e no 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 4. Certificado de Secretaría-Intervención onde se sinala que o IVE subvencionado non é recuperable por parte do Concello beneficiario.
 5. Orixinal ou copia cotexada da certificación da obra realizada e das facturas das actuacións realizadas.
 6. Informe técnico no que se describa a realización total do proxecto ou actuación e os datos e incidencias máis significativas na súa execución, asinado por técnico municipal.
 7. Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución destinadas ao financiamento do mesmo proxecto, das distintas administración públicas, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, indicando a súa contía.
 8. Declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, de 8 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 9. Declaración responsable asinada polo representante da entidade beneficiaria en que se faga constar que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.
 10. En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar ademais:
 - Fotografías do cartel ou carteis das actuacións, nos que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia deste convenio e de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.



- Fotografías da placa ou placas explicativas permanentes, coa publicidade sobre o financiamento das actuacións.

A documentación xustificativa presentárase ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria para análise, comprobación e pago, se procede, tras a certificación dos servizos técnicos da Consellería, sen prexuízo do establecido no artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello conservará a documentación durante un período de cinco anos dende a data de finalización da vixencia do convenio.

De acordo co establecido no artigo 60.2 do Decreto 11/2009, de 8 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións de capital superiores a 60.000 €, no seu cómputo individual, destinadas en investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración coma polo beneficiario.

Sétima.- Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (DOG núm.201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. O concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, incorporados na relación indicada na alínea 2.b da cláusula sexta, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención concedida.
3. A efectividade dos pagamentos acreditarase mediante a presentación dos seguintes documentos:
 - Os gastos acredítanse mediante a presentación da factura ou facturas e, de ser o caso, da/s certificación/s de obra.
 - Os pagamentos acredítanse mediante a presentación do/s xustificante/s de transferencia/s bancaria/s debidamente identificados eselados pola entidade bancaria, e serán documentos orixinais.
 - Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, os xustificantes das transferencias bancaria deberán presentarse asinados e selados pola entidade beneficiaria das subvencións e nel constará



identificación da persona e cargo que asina os xustificantes de pagamento.
Para estes efectos non se admitirán selos de compulsas.

4. Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

Oitava. - Pagamentos

Os pagamentos poderán realizarse do seguinte xeito.

1. Pagamentos anticipados: os pagamentos anticipados suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de dita lei, e no artigo 6 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, quedando suxeitos ás seguintes condicións:
 - a) Poderase anticipar ata o 25% do importe da subvención concedida.
 - b) O beneficiario deste Convenio, o Concello de Cabanas, quedará exonerado da constitución da garantía, segundo o disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Pagamentos fraccionados: os pagamentos fraccionados responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e abonaranse por contía equivalente á xustificación presentada. Estes pagamentos deberán ser solicitados polo beneficiario, de ser o caso, unha vez que sexa asinado e que xa estea en vigor o presente Convenio, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de dita lei. Así mesmo, o beneficiario deste Convenio, Concello de Cabanas, quedará exonerado da constitución da garantía, segundo o disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
3. O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que no seu caso se concederán non poderán ser superiores ao 80% do porcentaxe subvencionado correspondente aos pagos xustificados.

Novena. - Subcontratación

Permítese a subcontratación total ou parcial ata o 100% das actuacións subvencionadas, estando suxeita ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e ao disposto no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 29 de xaneiro de 2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, sen



prexuízo de que, no caso de que o Concello precise da contratación externa de determinados traballos incluídos no proxecto subvencionado, debe estarse ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Décima.- Publicidade das obras

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade do financiamento pola Xunta de Galicia das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio, de acordo coa imaxe corporativa oficial.

As medidas de publicidade consistirán na colocación dun cartel publicitario e unha placa explicativa permanente en todos os lugares en que se desenvolvan as actuacións.

- O cartel publicitario deberá estar colocado durante a execución das obras.
- A placa explicativa permanente colocarse nun lugar visible no lugar das actuacións e permanecerá instalada durante, cando menos, cinco anos.

Décimo primeira.- Modificacións

O Concello de Cabanas poderá solicitar a modificación das características do proxecto ou actividade subvencionada, cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de realización da actividade.

A modificación poderase autorizar sempre que non se dane dereitos de terceiros, se respecte o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas, evitando actuacións deficientes e incompletas.

Para a modificación non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que asinou o convenio, tiveron lugar con posterioridade a elo.

Xunto coa solicitude, a entidade deberá presentar:

- a) Memoria xustificativa, na que ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo do convenio.
- b) Orzamento e proxecto ou memoria modificado.
- c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Supeditación do convenio aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Tal e como establece o punto 4 do artigo 31 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como



finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo segunda.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación, xustificación incompleta ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
2. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto na cláusula sexta deste convenio.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
 - Non executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen gastos por importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial. Exceptúase aquel suposto en que a redución do custo do proxecto derive unicamente da baixa na oferta economicamente máis vantaxosa.
 - Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio, nos termos establecidos nas cláusulas sexta e oitava.
 - Naqueles casos en que sexa de aplicación o artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e o concello non acredite a solicitude dun mínimo de tres ofertas de diferentes provedores e/ou a falta ou insuficiente acreditación de que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios de eficiencia e economía e que recaeu na oferta económica máis vantaxosa.
3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte a todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo terceira.- Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.



- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula terceira deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula cuarta deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula sétima constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarta.- Compatibilidade con outras subvencións

Segundo o disposto no artigo 17 da Lei 9/2007, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente, ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas, ou de outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo elixible da actividade a desenvolver polo beneficiario, conforme aos artigos 14 p) e 26 da Lei 9/2007.

As axudas concedidas en virtude do presente Convenio serán compatibles con outras axudas para o mesmo fin, sempre e cando se cumpra co establecido no parágrafo anterior.

Décimo quinta. –Seguimento do convenio

Para a interpretación, seguimento e control da execución do presente Convenio crearase unha Comisión de Seguimento, integrada por un representante de cada unha das entidades asinantes.

As funcións desta comisión serán as de coordinación e control do grao de realización do convenio, e ambas as dúas partes asinantes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión Mixta de Seguimento e Control. No seu caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos, ademais das potestades específicas derivadas da relación xurídico subvencional, como é a potestade de reintegro, todo iso sen prexuízo da posibilidade de recurso contencioso-administrativo.



Décimo sexta. –Causas de resolución

Ademais das xerais, as contempladas no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en relación co reintegro da subvención, tamén son causas de resolución do presente Convenio de Colaboración as seguintes:

- a) As desviacións de fondos aportados para outro fin distinto do que motivou o Convenio de Colaboración.
- b) A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.
- c) O incumprimento total ou parcial das cláusulas establecidas no mesmo.
- d) O acordo mutuo entre as partes.

Décimo sétima. -Vixencia

A vixencia do presente convenio esténdese dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018. Porén, e sempre que medien causas que o xustifiquen poderase prorrogar, por acordo expreso das partes formalizado a través da correspondente addenda de prorrogar o presente convenio con carácter previo á súa finalización, ata a completa realización das actuacións descritas.

Décimo oitava. –Natureza do convenio

O presente Convenio de Colaboración terá natureza administrativa e corresponderá ao Conselleiro de Economía, Emprego e Industria resolver as dúbidas que formule a súa interpretación, logo da audiencia da outra parte, e á xurisdición contencioso-administrativa o coñecemento dos litixios que do mesmo poidan derivarse.

Trátase dun convenio administrativo de colaboración, e como tal excluído do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por RDL 3/2011, do 14 de novembro (artigo 4.1.c do TRLCSP). De calquera xeito observaranse os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Décimo novena.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións. Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Vixésima.- Normativa aplicable

Ao presente convenio de colaboración seralle de aplicación a Lei estatal 38/2003 de subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que a desenvolve, así como a Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.


En proba de conformidade, asinan o presente convenio no lugar e data up supra.

O Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

O Alcalde do Concello de Cabanas



Francisco José Conde López



Germán Castrillón Permuy